

Cooperativismo e Economía Social, nº 35 (2012-2013), pp. 107-117

**BAIXA VOLUNTARIA: NON ACUMULACIÓN DAS  
DEDUCCIÓN FEITAS NA LIQUIDACIÓN AO SOCIO POR  
INCUMPRIMENTO DO PERIODO DE PERMANENCIA COAS  
RELATIVAS AO INCUMPRIMENTO DO COMPROMISO  
DE NON CAUSAR BAIXA VOLUNTARIA DURANTE  
A VIXENCIA DUN PROGRAMA OPERATIVO**

**Anotación á sentenza do Tribunal Supremo (Sección 1ª) núm. 575/2012  
de 10 de outubro. Ponente: Excmo. Sr. D. Ignacio Sancho Gargallo**

Xacobo IZQUIERDO ALONSO

**Resumo**

O T.S. resolve o recurso de casación formulado contra a sentenza da A.P. de Murcia dictada en grao de apelación, coma consecuencia do xuízo ordinario seguido en primeira instancia ante o Xulgado do Mercantil nº 1 de Murcia.

Na parte dos ANTECEDENTES, comenza por expoñerse que o litixio comenza coa demanda interposta por varios socios da sociedade cooperativa La Vega de Cieza, S.C.A. contra ésta mesma coas seguintes pretensións:

1, declare a nulidade dos acordos adoptados pola Asemblea de 6 de maio de 2008, de ratificación das resolucions do Consello Rector sobre a cualificación e determinación dos efectos das baixas dos demandantes, e, xa que logo:

2, declare que as baixas causadas polos socios teñen a cualificación de xustificadas, coa consecuencia de que a liquidación das súas achegas ao capital social, debe se realizar segundo balance de peche do exercicio 2007, con deducción das perdas imputabeis ao socio, reflectidas no balance de peche do exercicio no que se produza a baixa, xa correspondan ao dito exercicio o veñan doutros anteriores e estean sen compensar, e sen que proceda deducción ningunha mais.

Subsidiariamente, aínda para o suposto de se manter a cualificación das baixas coma non xustificadas, declare:

Respecto de todo-los acordos, que non procede a deducción de danos e prexuízos causados á Cooperativa como consecuencia de solicita-la baixa durante a vixencia do Programa Operativo.

Respecto dos acordos que afectan a determinados socios, que non procede a deducción do 30% sobre o importe resultante da liquidación das aportacións obrigatorias por incumplimento do período mínimo de permanencia.

Respecto dos acordos que afectan a os ditos socios e máis outros, que non procede a deducción do importe de posibles sancións que poideran se impoñer a ese socio ata a data de efectos da baixa.

Na primeira instancia, o Xulgado do Mercantil dictou sentenza desestimando o esencial da demanda e declara válidos os acordos impugnados, agás os que afectan a determinados socios, en relación á deducción do importe das posibles sancións que puideran se imponer.

En apelación, a Audiencia dictou sentenza desestimando o recurso de apelación e confirmando íntegramente a do Xulgado.

Por auto de data 18 de xaneiro de 2001 a Sala de TS admitiu os motivos primeiro (infracción do art. 32.3 da Lei 8/2006 de Cooperativas da Rexión de Murcia) segundo (infracción do art. 32.3 da mesma lei) e quinto (infracción por incorrecta aplicación do art. 71 da repetida lei e do art. 51 dos Estatutos da Cooperativa) do recurso de casación, rexeitando as infraccións alegadas nos motivos terceiro e cuarto.

Nos FUNDAMENTOS DE DEREITO exponse consideracións que siguen.

A) A Sentenza comentada comeza neste apartado por facer un resumo dos antecedentes segundo se expon a continuación.

En relación aos feitos non controvertidos disque os actores eran 14 socios da Sociedade Cooperativa “La Vega de Cieza”, suxeita á lei 8/2006 de Sociedades Cooperativas de Murcia, que presentaran ante a Cooperativa cadansúas solicitudes de baixa voluntaria o 22 de outubro de 2007.

O Consello Rector resolveu sobre as ditas solicitudes o día 27 de decembro de 2007, cualificando estas baixas de “voluntarias e non xustificadas”. E, xa que logo, acordou a liquidación das achegas de cada un dos socios segundo o balance de peche do exercicio 2007, coas seguintes deduccións:

- 1, as perdas imputables aos socios;
- 2, o importe dos danos e prexuízos causados á Cooperativa por teren solicitada a baixa durante a vixencia do programa operativo, nalgúns casos;
- 3, a fixada estatutariamente dun 30% do importe resultante da liquidación das achegas obrigatorias por incumprimento do período mínimo de permanencia;
- 4, nalgúns casos, o importe das posibles sancións que puideran se imponer polo expediente sancionador aberto á determinados socios ata a data de efectos da baixa.

O 15 de febrero de 2008, estes 14 socios presentaron cadanseus recursos contra as ditas resolución ante a Asemblea Xeral, sendo por ésta desestimados na súa sesión de 6 de maio de 2008.

Na súa demanda, os actores pediron, no primeiro lugar, a nulidade dos acordos adoptados na Asemblea de 6 de maio de 2008, que ratificaron as resolución do Consello Rector de 27 de decembro de 2007.

Os motivos de nulidade invocados foron:

1. O non respecto ao procedemento de preaviso previsto no art. 32.2.c) da Lei de Cooperativas, que se remite ao art. 30.6, porque os recursos non se resolveron na primeira xuntanza da Asemblea, que tivo lugar o 6 de marzo de 2008.

2. En relación ao socio Alfonso, a resolución do Consello Rector de 27 de decembro de 2007 non respectou o procedemento do art. 30.3 da Lei de Cooperativas, pois desde que solicitou a baixa (22 de outubro de 2007) ata que se lle notificou a resolución (25 de xaneiro de 2008) pasaron mais de tres meses, prazo máximo establecido na Lei para a formalización da baixa solicitada.

3. Os afectados pola resolución recurrida non foron citados á Asemblea do 6 de maio de 2008, na que se adoptaron os acordos impugnados, e que á Asemblea privouse do coñecemento completo das resolución que eran obxecto do recurso.

Subsidiariamente, para o caso no que non se acordara a nulidade, os actores pedían:

1. Que non se aplicara a deducción de danos e prexuízos causados á Cooperativa coma consecuencia de ter sido solicitada a baixa durante a vixencia do Programa Operativo.

2. Que, en relación a determinados socios non se fixera a deducción do 30% sobre o importe resultante da liquidación das achegas obrigatorias por incumprimento do periodo mínimo de permanencia.

3. Que en relación a determinados socios non procedía a deducción do importe de posibles sancións que se puideran imponer a ditos socios ata a data de efectos da baixa.

As sentenzas da primeira instancia e da apelación desestimaron a pretensión principal de nulidade do acordó da Asemblea de 6 de maio de 2008. Dos pedimentos subsidiarios, desestimaron os dous primeiros e estimaron o terceiro.

Dos cinco motivos de casación invocados, admitíronse tres:

Primeiro motivo (relativo á pretensión principal de nulidade do acordo impugnado): denuncia a infracción do art. 32.3 da Lei 8/2006 de Cooperativas da Rexión de Murcia que se remite ao art. 30.6 da mesma), porque “os recursos interpostos por todos os socios actores que causaron baixas, fronte as iniciais resolución de cualificación das mesmas polo Consello Rector, non foron coñecidos, nin debidamente tratados e resoltos pola Asemblea Xeral da Cooperativa que era quen tiña a obriga de resolver”.

Segundo motivo (relativo á pretensión principal de nulidade do acordó impugnado): basease na infracción do art. 32.3 da Lei 8/2006 de Cooperativas da Rexión de Murcia porque, en relación co prazo legal de resolución dos recursos por parte da Asemblea Xeral, a citada norma impon a máxima celeridade no tratamento dos recursos dos socios e por elo exige o seu tratamento na primeira xuntanza, sen prexuízo de que, ademáis, impoña un prazo máximo de seis meses para esa primeira xuntanza. O motivo denuncia a infracción do precepto pola sentenza recurrida porque os recursos non foron resoltos na primeira xuntanza, a de 6 de marzo de 2008, senón na seguinte de 6 de maio de 2008.

Quinto motivo (sobre a incompatibilidade das deduccións impostas na liquidación das achegas iniciais dos socios que se deron de baixa): fundamentase na infracción do art. 71 da Lei 8/2006 de Cooperativas da Rexión de Murcia e do art. 51 dos Estatutos da Cooperativa, coma consecuencia de ter admitido a compatibilidade das dúas deduccións practicadas aos socios, que teñen a súa base no mesmo feito, o incumprimento do prazo de permanencia. O art. 71 da Lei de Cooperativas establece que a deducción por incumprimento do período de permanencia mínimo non pode ser superior ao 30% que

é a que establece o art. 51 dos Estatutos. Segundo o recurso, esta normativa non permite que ademáis se poida imponer unha indemnización polos danos e prexuízos causados polo incumprimento do prazo de permanencia mínimo.

B) Impugnación dos acordos de cualificación das baixas voluntarias solicitadas.

Seguindo a orde que entende coma mais lóxica, o TS comenza pola análise do segundo motivo de casación: infracción do art. 32.3 da Lei 8/2006 de Cooperativas de Murcia, en relación co prazo legal de resolución dos recursos por parte da Asemblea Xeral, porque neste caso, os recursos non foron resoltos na primeira reunión, a de 6 de marzo de 2008, senon na seguinte de 6 de maio de 2008.

Desestimase o motivo: interpretando a conxunción “o” do precepto citado, en vez da conxunción “y”, seguida do adverbio “en todo caso”, a Sala entende que: 1, o recurso debese resolver na primeira xunta ou noutra celebrada dentro dos seis meses dende a recepción do recurso; 2, necesariamente, tamén cando optase pola primeira xuntanza, debe se facer dentro do prazo de seis meses.

O primeiro motivo de casación denuncia a infracción dos arts. 30.6 e 32.3.c) da Lei 8/2006, porque na xuntanza na que se desestimaron os recursos dos socios demandante fronte as resolución de cualificación de baixas realizadas inicialmente polo Consello Rector a cuestión non foi debidamente tratada e resolta.

Desestímase o motivo: con él non se cuestiona tanto a interpretación da norma legal por parte da sentenza recurrida, coma a valoración da proba que realiza acerca de se os asistentes á xuntanza foron dabondo informados da cuestión e se foi permitida a súa deliberación. É unha cuestión fáctica que ficou fixada na instancia, pois a sentenza de apelación expresamente conclúe, despois de valorar a proba de testemuñas practicada e os documentos aportados aos autos, que “os socios recibiron puntual información sobre a orde do día da dita Asemblea” e do contido dos recursos “ben pola súa lectura ou ben mediante a súa entrega material”.

C) Impugnación dos efectos conseguintes á cualificación das baixas non xustificadas.

No quinto motivo de casación o que se cuestiona respecto aos efectos sancionados pola sentenza recurrida, derivados da cualificación de baixa voluntaria non xustificada, é a acumulación, nalgúns casos, da deducción por incumprimento do período de permanencia mínimo (fixada estatutariamente

nun 30 %) e a deducción correspondente ao incumprimento do compromiso de permanencia durante a vixencia do Programa Operativo.

No art. 71.2.apartado b) da Lei de Cooperativas de Murcia díse que nos casos de baixa non xustificada por incumprimento do período de permanencia mínimo a que se fai referencia no art. 30.2 da mesma Ley, poderáse establecer unha deducción sobre o importe resultante da liquidación das achegas obrigatorias, unha vez efectuados os axustes sinalados no punto anterior do mesmo precepto. E dí tamén que os Estatutos sociais fixarán unha porcentaxe a deducir, sen que éste poida superar o trinta por cento.

A Sala non entra a considerar a procedencia da aplicación desta última deducción por incumprimento do período de permanencia mínima, que o artigo 51 dos Estatutos da Cooperativa de autos fixan nun 30%, facendo uso da porcentaxe permitida pola Lei.

O que se discute é que, respecto de tres socios, poida se acumular á anterior deducción por incumprimento do período mínimo de permanencia, unha outra deducción polos danos e prexuízos ocasionados co incumprimento do compromiso de non causar baixa durante á vixencia do Programa Operativo 2007/2010, aprobado pola Consellería de Agricultura.

O art. 9.2.d) dos Estatutos vencella o compromiso de permanencia a un período mínimo de tres anos e ao tempo que dure un Programa Operativo aprobado, que non poderá superior a cinco anos. En base a ese precepto e outros dos mesmos Estatutos, a Sala entende que a pendencia do Programa Operativo o que fai é complementar o prazo de permanencia de tres anos, de xeito que á vista do establecido no art. 71.2 da Lei de Cooperativas, non xustifica a aplicación de outra deducción distinta da que, ata o límite do 30% prevé o apartado b): este precepto trata de garantir un límite de deducción por infracción do período de permanencia do socio que solicita a baixa voluntaria, ao marxe de si o compromiso de permanencia é xeral, de tres anos, ou particular e relacionado cun Programa Operativo. Deducción que pretende compensar á Cooperativa dos posibles prexuízos derivado do incumprimento do deber de permanencia.

Polo dito, o Tribunal Supremo casa parcialmente a sentenza recurrida e declara a improcedencia de imposer a determinados socios, ao practicar a liquidación das súas achegas, unha deducción especial por incumprimento do compromiso de permanencia durante a vixencia do Programa Operativo, complementaria á deducción legal por incumprimento do período de permanencia mínimo, que estatutariamente se fixa no máximo legal do 30%.

## ANOTACIÓN

O cerne do litixio que se resolve en casación é o da admisibilidade, no caso de baixa voluntaria non xustificada, da acumulación das deducións por incumprimento do período de permanencia mínimo e por incumprimento do compromiso de permanencia mínimo durante a vixencia dun Programa Operativo, segundo o previstos nos Estatutos de cooperativa da litis.

O principio cooperativo de libre adhesión ou de “portas abertas”<sup>1</sup> supón que as cooperativas son entidades organizativas basadas na voluntariedade na súa afiliación, de xeito que a pertenza a unha destas sociedades debe derivar dunha libre decisión tomada pola persoa individual que desexa pertencer a ela e no marco un determinado réxime legal e estatutario. Do mesmo xeito, e a inversa, o dito principio implica a posibilidade do desvencellamento do socio da cooperativa, deixando de pertencer a ela, para o que deberá cumprir os requirimentos que, ao respecto determinen a lei e os estatutos.

Pero na baixa do socio, aínda que pode evocar dalgunha maneira o exercizo do dereito de separación que se reconece, en determinados casos previstos legalmente<sup>2</sup>, existen certos matices peculiares: na sociedade cooperativa, en efecto, a baixa pode depender nuns casos, en exclusiva da libre vontade do socio e, noutras circunstancias, a tal baixa pode levar a cualificación de “forzosa”.

Temos así que a baixa do socio nas sociedades cooperativas pode ser voluntaria e forzosa, puidéndose producir, no primeiro caso a baixa voluntaria en sentido estricto, na que o socio non invocaría causa alguna para o exercizo do seu dereito, debendo respeitar, únicamente, os condicionamentos legais de orde forma esixidos pola lei, coma o de cumprir co prazo de preaviso ao Consello Reitor<sup>3</sup>. Pero, ademáis, débese considerar outro tipo de baixa voluntaria,

---

<sup>1</sup> - Principio de libre adhesión: as cooperativas son organizacións voluntarias, abertas para todas aquelas persoas dispostas a utiliza-los seus servizos e dispostas a aceptar as responsabilidades que conleva a condición de socios, sn discriminación de xénero, raza, clase social, posición política ou relixiosa (Principios cooperativos aprobados polo Congreso da Alianza Cooperativa Internacional, ACI, en Manchester, el 23 de septiembre de 1995).

<sup>2</sup> - Por exemplo, a substitución o modificación sustancial do obxeto social nas sociedades de capital, configúrase coma unha causa legal de separación: art. 346.1.a) da LSC.

<sup>3</sup> - A LCG (art. 20.1.párr. prim.) establece que “*O socio poderá darse de baixa*

a baixa “xustificada” que configurase coma a posibilidade que se lle outorga ao socio de reaccionar fronte a certas decisión sociais coas que amose a súa disconformidade: é esta unha figura que manifesta evidentes analoxías coa do recoñecemento do “dereito de separación do socio” nas sociedades de capital<sup>4</sup> (expresión ésta tamén utilizada na propia lei de cooperativas estatal –art. 11.3- ao establecer que cando a modificación consista no cambio de clase de cooperativa, os socios que non votaran a favor do acordo, “tendrán derecho a separarse de la sociedad”).

Pola súa parte, as baixas obrigatorias produciranse cando o socio deixe de reunir os requisitos que a Lei ou os Estatutos da cooperativa esixan para manter a tal condición. Nestes casos, a declaración de baixa deberá revestirse de certas garantías, esixíndose ao respecto o acordó do órgano de administración ou polo Consello Rector<sup>5</sup>.

Producida a baixa do socio xurde o dereito ao reintegro das súas achegas, tendo o seu recoñecemento un sentido tuitivo do socio e puidendo a súa regulamentación reforzar ou debilitar o principio cooperativo de portas abertas<sup>6</sup>. Non é pois o dereito ao reembolso un dereito esencial á natureza das sociedades cooperativas, xa que o dito principio de libre entrada e saída pódese

---

*voluntariamente na cooperativa en calquera momento, mediante preaviso por escrito ó órgano de administración. O prazo de preaviso que fixarán os estatutos non poderá ser superiores a un ano”.*

<sup>4</sup> - Así, ocorre nos supostos de que a Asemblea Xeral adopte un acordó que implique a asunción de obrigas ou cargas gravemente onerosas non previstas nos Estatutos (art. 17.4 da LC e art. 20.3.a) da LCG), sempre que o socio disconforme salvase o seu voto e/ou manifestase a dita disconformidade por escrito. Outros supostos que poderían dar lugar á baixa xustificada, a título de exemplo e sen pretensión de exhaustividade: modificación do obxecto social, agravamento da participación dos socios na sociedade, ampliación do tempo mínimo de permanencia na mesma, etc.

<sup>5</sup> - Art. 20.4, LCG: “*Cesará obrigatoriamente o socio que perda os requisitos esixidos para adquiri-la dita condición./ A baixa obrigatoria será acordada polo órgano de administración, de oficio, por petición de calquera socio ou do interesado, en todo caso logo de audiencia del./ A baixa obrigatoria terá a consideración de non xustificada cando a perda dos requisitos para adquiri-la condición de socio responda a un deliberado propósito do socio de eludir obras ante a cooperativa ou beneficiarse indebidamente coa súa baixa obrigatoria”.*

<sup>6</sup> - Morillas Jarillo, M.J., Curso de cooperativas, 2ª edición, Madrid, Tecnos, p. 204.



desenvolver ao marxe do recoñecemento do dereito sinalado, admitindo éste, dende un punto de vista teórico, múltiples matices<sup>7</sup>

A cualificación dunha baixa coma obrigatoria ou coma non xustificada vai producir efectos sobre o dereito de reembolso do socio, xa que entón aplicaríanse ademáis unhas deducións penalizadoras. Criterio que, ademáis haberá que combinar, no intre de proceder ás ditas deducións co carácter voluntario ou obrigatorio das achegas<sup>8</sup>.

A calificación da baixa coma xustificada ou non xustificada corresponde ao Consello Rector<sup>9</sup>.

As causas legais que dan lugar á baixa xustificada están tratadas de forma dispersa na lexislación cooperativa (tanto estatal como das distintas comunidades autónomas). Unha posible clasificación das ditas causas que poden dar lugar a unha baixa xustificada é a que segue<sup>10</sup>: 1, a disconformidade con calisquer acordo da Asemblea xeral que implique a asunción de obrigas ou cargas gravemente onerosas non previstas inicialmente nos estatutos; 2, cambio de clase da cooperativa; 3, modificación do obxeto social; 4, prórroga da sociedade constituída por tempo determinado; 5, agravamento do réxime de responsabilidade dos socios ou cambio de réxime de responsabilidade dos socios; 6, agravamento da participación dos socios na actividade cooperati-

---

<sup>7</sup> - Gadea, E., Sacristán, F., Vargas Vasserot, C.: “Régimen jurídico de la sociedad cooperativa del siglo XXI. Realidad actual y propuestas de reforma”, Madrid, Dyknsón, 2009, p. 385.

<sup>8</sup> - “Os estatutos regularán o dereito das persoas socias ao reembolso das súas achegas ao capital social no caso de baixa. A liquidación destas achegas farase polo seu valor nominal segundo o balance de pechamento do exercicio no que se produza a baixa. Pódense establecer deducións sobre todas as cantidades reembolsables polos conceptos de achegas obrigatorias, o retorno cooperativo ao que, se é o caso, teñan dereito e fondos de reserva repartibles que, se é o caso, poidan corresponderlles, que non serán superiores ao 30% no caso de expulsión ni nao 20% no caso de baixa non xustificada... No caso de baixa xustificada, non procederá ningunha deducción. En ningún caso se poderán aplicar deducións sobre as achegas voluntarias” (art. 64.1 LCG).

<sup>9</sup> - Na LCG á referencia é ao “órgano de administración” (art. 20.5). E na LC díse que “la calificación y determinación de los efectos de la baja será competencia del Consejo Rector... (art. 17.2, LC).

<sup>10</sup> - Morillas Jarillo, M.J., Curso de cooperativas, cit., pp. 206 e ss.

vizada; 7, ampliación do tempo mínimo de permanencia dos socios; 8, mutacións estruturais.

En relación ás referidas causas de baixa xustificada, tipificadas legal o estatutariamente, cabería se prantexar a cuestión de se aquelas constituiren *numerus clausus* ou cabería a admisión polos órganos de administración da cooperativa do carácter xustificado da baixa dun socio non fundamentado na lei ou nos estatutos, cuestión esta aberta por non se amosar dun xeito claro á natureza pechada das tales causas.

A regulamentación dos supostos de baixa inxustificada constitúe un certo límite á liberdade de saída do socio da cooperativa, aínda que a remisión que dende o nivel lexislativo se fai aos estatutos permite á adaptación do réxime de entradas e saídas ás concretas circunstancias económicas da sociedade, amolecendo as negativas repercusións que as baixas dos socios poden ter na sociedade dende a perspectiva económico empresarial<sup>11</sup>.

Configurase así a baixa inxustificada como aquela que se produce cando se da o incumprimento do período de permanencia mínima fixado nos estatutos, agás naqueles supostos nos que concurrise –dentro do dito período– unha causa de xustificación da baixa voluntaria, tanto legal coma estatutaria ou así fose determinado polo Consello Rector<sup>12</sup>.

---

<sup>11</sup> - No art. 30.2 da Ley 8/2006 de Cooperativas de Murcia, establécese no seu primeiro párrafo: *“los Estatutos sociales podrán establecer el compromiso del socio de no darse de baja voluntariamente, sin causa que califique la misma de justificada, hasta el final del ejercicio económico en que quiera causar baja o hasta que haya transcurrido, desde su admisión, el tiempo que fijen los Estatutos sociales, que no será superior a cinco años”*. En termos similares, a LC, no art. 17.3: *“Los Estatutos podrán exigir el compromiso del socio de no darse de baja voluntariamente, sin causa que califique la misma de justificada hasta el final del ejercicio económico en que quieran causar baja o hasta que haya transcurrido, desde su admisión, el tiempo que fijen los Estatutos, que no será superior a cinco años”*. Na Lei 5/1998, de 18 decembro, de cooperativas de Galicia, o art. 20.2 pronúnciase en termos semellantes, aínda que o límite temporal dentro do que os Estatutos poden esixir-lo compromiso do socio de non causar baixa, sexa de dez anos.

<sup>12</sup> - Pulgar Ezquerro, Juana: “La pérdida de la condición de socio en el marco cooperativo: su baja y expulsión”, en “Estudios de Derecho Mercantil. En memoria del Profesor Aníbal Sánchez Andrés”, Sáenz García Albizu, J.C. et alt., coordinadores, Madrid, Cizur Menor, Thomson Reuters, 2012, p. 1059.

A baixa non xustificada da lugar a que na devolución das achegas se teñan que efectuar determinadas deducións sobre o importe resultante da liquidación das mesmas<sup>13</sup>, o que ten un tratamento legal con distintos matices na normativa cooperativa.

Na lei murciana, que é a norma aplicable a litis da sentenza anotada, establece que nos casos de baixa non xustificada por incumprimento de período de permanencia mínimo á que se fai referencia no artigo 30.2 da mesma lei, “se podrá establecer una deducción sobre el importe resultante de la liquidación de las aportaciones obligatorias, una vez efectuados los ajustes señalados en el punto anterior. Los Estatutos sociales fijarán un porcentaje a deducir, sin que éste pueda superar el treinta por ciento”<sup>14</sup>. En termos semellantes a Lei estatal de cooperativas<sup>15</sup>. A lei galega de cooperativas<sup>16</sup>, despois de precisar que a liquidación das achegas farase segundo o balance de pechamento do exercicio no que se produza a baixa, admite que se establezcan deducións tan só sobre as achegas obrigatorias, “que non serán superiores ó 30% no caso de expulsión, nin ó 20% no caso de baixa non xustificada. No caso de baixa xustificada, non procederá ningunha deducción”.

Vemos así que a normativa que se expon se considera de xeito taxativo un límite ás deducións que se poden prácticas no caso de baixa xustificada e que se concretará no plano estatutario. Norma que ten un marcado carácter protector dos intereses do socio polo que, acertadamente, a sentenza anotada declara a improcedencia de aplicar outras deducións especiais que ultra pasen o referido límite.

---

<sup>13</sup> - As achegas caracterízanse coma unha parte alicuota do patrimonio neto repartible que se reflicte no pasivo do balance polo capital social, dentro dos fondos propios: son unha parte alicuota do capital social; xa que logo, para proceder á liquidación “*habrá que partir de cal sexa a cifra do capital social no balance de peche do exercizo no que se produza a baixa e determinar qué parte alicuota correspondelle ao socio que causa baixa en función do conxunto das achegas obrigatorias e voluntarias de que sexa titular*” (Moral Velasco, E., en AAVV (Coord. García Sánchez, José Aistónico): “Cooperativas. Comentarios a la Ley 27/1999, de 16 de julio”; Madrid, Colegios Notariales de España, 2001, p. 256).

<sup>14</sup> - Art. 71.2 da lei 8/2006 de Cooperativas de Murcia.

<sup>15</sup> - Lei 27/1999, de 16 de xullo, de cooperativas, art. 51.3.

<sup>16</sup> - Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, art. 64.